



2014 | Pontevedra
duathlon
ITU World Championships

OPEN PontealDU

(CARREIRA ABERTA E INTEGRADA NO CALENDARIO DO CAMPIONATO DO MUNDO DE DUATLÓN-PONTEVEDRA 2014)

REGULAMENTO

www.pontevedraduathlon2014.com

PREVIO Á CARREIRA

1.- OBXETO: Competición de duatlón sprint aberta a tódolos afeccionados ao deporte en xeral, ea triatlón-duatlón en particular, integrada no calendario do Campionato do Mundo de Duatlón- Pontevedra 2014 (CMD2014)

2. ORGANIZACIÓN: O evento está organizado polo Comité Organizador do CMD2014. Integrado este polas seguintes entidades:

Asociación Internacional de Triatlón (ITU)

Federación Española de Triatlón (FETRI)

Federación Galega de Triatlón e Péntalon Moderno (FEGATRI)

Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

Concello de Pontevedra

3. DATA: o PontealDU se desenvolverá o 1/6/2014 as 10,15 h.

4. PARTICIPANTES E CATEGORIAS. Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (federadas ou non) sempre que estean inscritas, nos prazos establecidos ao efecto pola organización, e cumpren as condicións de participación.

	MASCULINA	FEMININA
Junior	De 1995	A 1996
Sub23	De 1991	A 1994
Senior	De 1975	A 1990
Veteranos/as 1	De 1965	A 1974
Veteranos/as 2	De 1955	A 1964
Veteranos/as 3	1954 e anteriores	

5. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN. As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización. Así como o regulamento de competición das federacións autonómicas e nacional.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- Certifico que estou en bo estado físico e teño pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Eximo de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da miña participación no evento (Ex: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesión, atropelos, agresións,...).
- Autorizo a organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis,... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito ao Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra.
- Conforme á L.O. 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable a Federación Galega de Triatlón e Péntalon Moderno. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para a Carreira, así como informarlle de futuras actividades. Se desexa exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección sinalada no punto anterior, xuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflexada no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

A Organización non será responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a atleta.

6. INSCRICIÓN Non se admitirán inscricións o mesmo día da proba.

A inscrición realizarase na páxina web www.fegatri.org no apartado competicións/ inscricións.

Unha vez na carreira, accederán cos códigos xa enviados a clubs e independentes no apartado inscricións á dereita da mesma.

Federados galegos: a inscrición formalízase enviando o xustificante de pagamento a nome do clube ou do deportista se é independente por fax 982109800 ou mail fegatri@hotmail.com.

Federados con licenza de outra comunidade: Deberán enviar copia do DNI e o xustificante do ingreso da cuota por fax 982109800 o mail: fegatri@hotmail.com

Federados de outra nacionalidade: Deberán enviar copia do pasaporte xunto co xustificante do ingreso da cuota por fax 982109800 o mail fegatri@hotmail.com

Para os non federados: Unha vez que acceda á carreira, realizarase a introdución de tódolos datos no formulario de inscrición que se abre á dereita da carreira (inscricións de licenzas de 1 día)

Formalizarse enviando (Copia do DNI e Xustificante de pagamento ó seu nome) ó Fax 982109800 ou mail fegatri@hotmail.com

Categoría	Data tope de inscrición	Cota	Sistema de inscrición
Junior	Ata as 23.59 horas do venres 23 de maio	40,00 €	A través da web http://fegatri.org/inscricions/
Sub23			
Senior			
Veteráns 1			
Veteráns 2			
Veteráns 3			

O pagamento farase no Nº de conta da Federación Galega de Trátlon e P.M.:
Banco Sabadell IBAN: ES37 0081 5223 16 0001338040.

Os deportistas inscritos no PontealDU participarán en diversos sorteos cedidos polas casas colaboradoras.

7. ENTREGA DE DORSAIS. Os dorsais se poderán recoller:

 Hí Venres 30 e sábado 31: No Pazo da Cultura en horario de 9,00 a 13,30 e de 16,00 a 20,30 h.

 Hí Domingo 1/6: No Pavillón Universitario de 8:30 a 9:40 h.

Xunto cos dorsais entregarase a bolsa do corredor con diversos agasallos conmemorativos da carreira.

8. ACCIÓN SOCIAL. Voluntariamente todas os deportistas e persoas da Organización que desexen colaborar co Comedor Social de San Francisco poderán facelo entregando un produto alimenticio non perecedeiro xusto no momento de recoller o seu dorsal que entregaremos no seu nome a esta Institución.

DURANTE A XORNADA DA CARREIRA

9. COMO CHEGAR EN COCHE E ESTACINAR. Se tes que desplazarte en coche recoméndase estacionar nas zonas de aparcamento disuasorio gratuitos sitos na rúa Juan Manuel Pintos. E o estacionamento de pago mais próximo e o Estacionamento da Praza de Abastos.

10. SERVIZOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES. Todas as persoas participantes estarán cubertos cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes". Habera dúas ambulancia e médico/a para a atención.

8. PERCORRIDO. A carreira desenvolverase nos mesmos percorridos que o CMD2014. Disputándose en modalidade sprint. A saída darase na contrameta da pista de atletismo do Centro Galego de Técnica Deportiva (CGTD).

Sector	1-carreira	2-ciclismo	3-carreira
Distancia	2,5 km	20 km	2,5 km
	2	1	1
Total	5 km	20 km	2,5 km

11. CONTROL DE MATERIAL: O control de material desenvolverase na zona de transicións que estará no campo central da pista de atletismo do CGTD. Dende as 08:45h ata as 10:00 h.

Para o control de material será obrigatorio presentar a licenza ou o D.N.I.

12. DESCUALIFICACIÓNS. O servizo médico da competición, ou persoal de organización, están facultados para retirar da carreira a calquera deportista que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o

percorrido completo, que non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas ante a Organización.

13. CHIP. Estableceranse controis de cronometraxe de Chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas) por todo o percorrido, có propósito de verificar que todos os deportistas cobren a totalidade do mesmo. Estes controis rexistrarán tamén os tempos de paso totais, polo que é obrigatorio pasar por enriba das alfombras de cronometraxe dispostas na saída e chegada. Os atletas que non teñan todos os rexistros serán descualificados, sen prexuízo doutros tipos de controis que poidan montarse.

Na zona de meta haberá recipientes para a devolución do chip. A non devolución do chip supón non entrar na clasificación final e polo tanto a perda dos dereitos a agasallos, premios e trofeos, así como unha penalización de 30 (trinta) euros.

14. TEMPO DE CORTE. Para respetar o calendario de competición dispónse un tempo de corte. De tal xeito que se dispoñen de 1h 30' para completar o primeiro (1) e segundo (2) sector.

POSTERIOR Á CARREIRA

14. OUTROS. Na liña de meta, os participantes terán produtos alimenticios, bebidas, servizo médico,...

15. PREMIOS. A clasificación será por categorías e sexos:

Recibirán trofeo ou medalla os tres primeiros clasificados de cada categoría.

		1º	2º	3º
Absoluto	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
Junior	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
Sub23	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
Veteráns 1	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
Veteráns 2	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
Veteráns 3	Masculina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla
	Feminina	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla	Trofeo/medalla

16. PROTOCOLO DE PREMIACIÓN E "TERCEIRO TEMPO". A cerimonia de entrega de premios efectuarase a partir das 19.30 horas na explanada superior do Pazo da Cultura. Os atletas con dereito aos premios deberán estar presentes na mesma, non podendo delegar noutra persoa. Se non estivesen presentes, entenderase que renuncian ao premio material.

Ao remate da entrega de premios comezará a actuación dunha das Orquestas máis importantes de España: Orquesta Panorama.

Os deportistas inscritos no PontealDU, poderán mercar unha entrada a zona VIP polo importe especial de 20€. A entrada, a parte de incluír zona reservada para disfrutar do concerto en compañía dos triatletas participantes no Campionato do Mundo, incluírá bebida (2 refrescos, auga o cervexa) e comida tradicional.

17. PARA MAIS INFORMACIÓN. Máis información a través do CMD2014 (www.pontevedraduathlon2014.com e info@pontevedraduathlon2014) ou da Federación Galega de Triatlón (982109800 ou fegatri@hotmail.com)

PATROCINADORES PRINCIPAIS



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



**CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

COLABORADORES



Cruz Vermella



ORGANIZADORES



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



**CONCELLO DE
PONTEVEDRA**